



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE CENLLE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA PRAZA DA TENENCIA NO NÚCLEO DE CENLLE.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Cenlle encadrase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e actuacións en materia de entornos urbanos. Pola súa finalidade, esta actuación esta comprendida dentro do obxectivo estratéxico **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Cenlle o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Cenlle, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“mellora da praza da Tenencia no núcleo de Cenlle”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de Cenlle trata de promover unha actuación consistente na “**mellora da praza da Tenencia no núcleo de Cenlle**”.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

A praza constitúe un espazo aberto de encontro e convivencia co que conta a poboación do núcleo de Cenlle. No lugar existe un cruceiro, e preto deste existe unha igrexa. Ámbolos dous elementos están catalogados como bens de interese cultural (BIC).

O ámbito de actuación constitúe unha superficie de 1.840 metros cadrados, de forma rectangular, que linda polo sueste coa estrada provincial OU-0303: Valdapereira (OU-211) – Maside, que da entrada e saía ao núcleo e na existe tamén un parque infantil. Esta circunstancias fan necesaria a actuación para dar seguridade aos seus usuarios.

Preténdese a reestruturación integral da praza, respectando os elementos existentes e aumentando as áreas peonís, acoutando as zonas de circulación e aparcamento de vehículos.

Trátase da renovación e ampliación de pavimentos, renovación da rede abastecemento de auga para as vivendas, dotación de rede de alumeado público e mobiliario urbano.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017. María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

